



## **Xornalistas Galegas** chama os medios a informar sobre o aumento da precariedade social e laboral das mulleres tras dous anos de pandemia

**O colectivo remite ás redaccións unha compilación de informes e ferramentas de organismos internacionais que evidencian o incremento da desigualdade entre sexos**

*Co gallo do Día da Muller, a asociación promove o cancelo #8MninUnPasoAtrás en redes sociais e aglutina algunhas das principais ideas que se extraen da documentación referida*

**Santiago, 7 de marzo de 2022.** A asociación Xornalistas Galegas, formada por mulleres profesionais de todos os ámbitos da comunicación comprometidas cun xornalismo feminista, chama os medios a informar sobre o aumento da precariedade social e laboral das mulleres tras dous anos de pandemia da covid 19. Para contribuir a esta tarefa, co gallo da conmemoración do 8M, Día Internacional da muller, o colectivo vén de remitir ás redaccións unha compilación de informes e ferramentas de organismos internacionais que evidencian o incremento da desigualdade entre sexos por mor desta crise.

A asociación, constituída en 2018 e cuxo manifesto fundacional foi asinado por preto de 200 mulleres, apela á responsabilidade social dos medios ante o agravamento da discriminación das mulleres e lembra o seu carácter de servizo público para esixir a defensa do ben común, neste caso a igualdade entre homes e mulleres.

Do mesmo xeito, Xornalistas Galegas, reivindica a perspectiva feminista nos medios para visibilizar accións en favor da igualdade e outorgar á figura das mulleres a relevancia social que lles corresponde, especialmente no contexto de pandemia. Así mesmo, e focalizando na profesión xornalística, o colectivo reivindica unha mellora das condicións laborais nos medios de comunicación, que permitan avanzar na plena consecución dos dereitos reais das súas traballadoras.

Para subliñar estas demandas, a asociación promove en redes sociais o cancelo #8MninUnPasoAtrás e aglutina baixo ela algunhas das ideas máis relevantes que se extraen da documentación remitida ás redaccións.

*(Adxúntase listado de referencias documentais remitidas xa o pasado sábado 5 de marzo).*

Saúdos.

## Xornalistas Galegas

**Para máis información:**

Email: [xornalistasgalegas@gmail.com](mailto:xornalistasgalegas@gmail.com)

[Manifesto – Por un Xornalismo Feminista](#)

WEB [xornalistasgalegas.org](http://xornalistasgalegas.org)

TWITTER [@asxornalistas](https://twitter.com/asxornalistas)